



Concello do Porriño

DONA EVA GARCÍA DE LA TORRE, ALCALDESA DO CONCELLO DE O PORRIÑO

De conformidade coa lista de reserva de auxiliares administrativos interinos para a área de CONTRATACIÓN, aprobada por resolución de data 17-10-2016, resultante do proceso selectivo para constituír unha **BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL A XEITO DE LISTAS DE RESERVA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS INTERINOS**, pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar, correspondente ó grupo C, subgrupo C2, de conformidade co establecido no artigo 10.1.b) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e no artigo 23.2.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia, para prestar servizos no Concello do Porriño, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Para substituír transitoriamente durante os procesos de Incapacidade Temporal.
- Permiso de maternidade ou paternidade.
- Uso de periodos vacacionais ou permisos.
- Licenzas por asuntos propios o personales.


Dado que dona María Carmen López Diéguez, funcionaria interina, que ocupa unha praza vacante, de auxiliar de administración xeral, grupo C-2, que ven desempeñando as súas funcións no negociado de contratación no servizo de Secretaría deste Concello, está en situación de permiso por parto, procedeuse a utilizar a devandita lista de reserva de auxiliares administrativos interinos para a área de CONTRATACIÓN e ao chamamento da persoa que ocupa o primeiro lugar.

Unha vez efectuado o oportuno chamamento, segundo a orden da lista, a dona Flavia Campos Lages, con DNI 44.083.687-R, está con data 18-10-2016, mediante escrito R.E. nº 9333, acepta e presenta a documentación a que se refire a base 9ª das que rexeron o procedemento de creación da referida lista.

Polo exposto e de conformidade co artigo 41.14. d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- NOMEAR FUNCIONARIA INTERINA a dona **FLAVIA CAMPOS LAGES**, con DNI 44.083.687-R, para substituír transitoriamente, durante o permiso por parto e demais situacións derivadas deste, a dona María Carmen López Diéguez, funcionaria interina, que ocupa unha praza vacante, de auxiliar de administración xeral, grupo C-2, que ven desempeñando as súas funcións no negociado de contratación no servizo de Secretaría deste Concello, de conformidade co establecido no artigo 10.1.b) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e no artigo 23.2.b) da Lei





Concello do Porriño

2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia.

Segundo.- Os efectos serán desde a toma de posesión que se sinala para o día 20-10-2016, cesando, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP); cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento e as demais situacións derivadas do permiso por parto.

Terceiro.- Será afiliada e dada de alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social con data 20-10-2016, en consecuencia, procederase a ingresar as correspondentes cotizacións polas continxencias correspondentes.

Quinto.- Notificar esta resolución á interesada, pasar unha copia da mesma á Intervención e Tesourería deste Concello para os efectos procedentes.

O manda e asina o Sra. Alcaldesa, dona Eva García de la Torre, no Porriño a dezaoito de outubro de dous mil dezaseis.

A ALCALDESA

EVA GARCÍA DE LA TORRE



ANTE MIN
O SECRETARIO XERAL

EDUARDO PORTELA FERNANDEZ

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL
DOCUMENTO:
Data inicial de exposición: 27/10/2016
Data final de exposición: 28/12/2016
-> Porriño, a de de